



## EXPERIMENTOS DE BIOLOXÍA

### 1º sesión: Anatomía Celular

→ Construción dun modelo “científico”	60 minutos
→ Relación celular co medio	30 minutos

### 1º Construción dun modelo científico

#### → Construción dun modelo científico



Investigación sobre as partes dunha célula ( cando menos membrana, orgánulos e núcleo).

Selección de materiais de reciclaxe que permitan a confección do modelo.

Explicación das partes que consideren.

Posta en común dos modelos e breve exposición.

Rolda de preguntas.



## 2º Relación celular co medio

### → Membrana plásmática: intercambio osmótico

Explicación da semipermeabilidade da membrana plasmática.

Meteremos un ovo en vinagre. Esperamos 48 horas.

Explicamos a reacción química entre o vinagre e o carbonato cálcico.

Pasadas as 48 horas metemos o ovo en auga con colorante.

Explicamos como atravesou a membrana a auga co colorante.

O alumnado deberá cubrir a ficha do método científico facendo as súas hipóteses e redactando as súas conclusións.

#### ***Materiais***

- bote de vidro.
- vinagre.
- colorante alimentario.
- ovo

